



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA DEZANOVE DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL ONCE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dezaseis horas e dez minutos do día dezanove de xaneiro do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión extraordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González. (Se Ausenta as dezasete horas)

D. Antonio Estévez González

D. Francisco Veloso González

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy e non asisten os concelleiros Dna. Rosa Nora González, D. Benito Vázquez Vázquez, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE LOBIOS E D. CELSO ALMEIDA VAZQUEZ, DANDO CUMPRIMENTO DA SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE OURENSE NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 340/2010, DE DATA 21 DE ABRIL DE 2008

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, da conta da proposta de Alcaldía, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe literalmente:

‘PROPOSTA DE ALCALDIA:

VISTO o acordo do Pleno de data 27 de novembro de 2010, no que se acorda **no PUNTO CARTO: ALEGACION PRESENTADA AO ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2010** “ estimar a reclamación presentada contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2010, e o plan de pagos para facer frente a debeda de 70.522,80 euros de principal mais 10.500 euros, para costes de execucion, intereses e gastos, incluíndose nos orzamentos do ano 2010 a cantidade de 25.000,00 €, na aplicación orzamentaria 15.22608; Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal para o exercicio 2010, con arranxo a plantilla do persoal e do réxime retributivo do persoal funcionario deste Concello e o anexo de inversiones



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que constan no expediente de aprobación inicial; e incluíndo a aprobación do estados de gastos e ingresos e as Bases de Execución reflectidos no Anexo que se adxunta e aprobación definitiva do mesmo; e Que o pleno se compromete a incluír no estado de gastos dos orzamentos de 2011o importe de 25.000,00 € no no estado de gastos dos orzamentos de 2012 e 2013 a cantidade de 31.022,80”

RESULTANDO que conforme a dito acordo se realizaron as xestións con D. Celso Almeida Vazquez, representado por D. Arturo- J. Mosquera Dieguez, coas estipulacións que se recollen no seguinte documento.

PROPOÑO Ó PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aproba-lo Convenio entre o Concello de Lobios e D. Celso Almeida Vazquez, dando cumprimento da Sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense no procedemento ordinario nº 340/2010, de data 21 de abril de 2008 (Conforme ao anexo I).

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello para a súa sinatura

ANEXO I:

“*REUNIDOS:*

a) De una parte, el Excmo. Sr. Alcalde de Lobios D. JOSE LAMELA BAUTISTA, que en este acto actúa asistido del Letrado D. DAVID DEL RIO BALADO, Col 556-OU, con despacho profesional en la Avenida de la Habana nº 22-1º Dª de OURENSE;

b) De la otra el también Letrado D. ARTURO-J. MOSQUERA DIEGUEZ (Col. 316-OU), con despacho profesional en la C/ Progreso nº 145-2º de OURENSE.

Interviene el primero en calidad de Alcalde del Excmo. CONCELLO DE LOBIOS, asistido del Letrado Sr. del Río Balado; y el segundo en nombre y representación de su cliente D. CELSO ALMEIDA VAZQUEZ, ambas representaciones conforme obran acreditadas en Autos de Ejecución de Títulos Judiciales 6/2010, derivados del Ordinario 340/2010, del Juzgado C-Advo nº 2 de OURENSE; reconociéndose mutua y recíproca capacidad de obrar para la formalización del presente documento y estableciendo al efecto los siguientes ANTECEDENTES y ESTIPULACIONES

ANTECEDENTES

PRIMERO: *Con fecha 21 de abril de 2008 por el Juzgado de lo C-Advo nº 2 de OURENSE, se dictó Sentencia en el procedimiento Ordinario nº 340/2010 por el que se condenaba al CONCELLO DE LOBIOS a indemnizar a D. CELSO ALMEIDA VAZQUEZ en la cantidad de **SETENTA MIL QUINIENTOS VEINTIDOS EUROS CON OCHENTA CENTIMOS DE EURO (70.522,80 €)**, más los intereses legales procedentes de dicha cantidad desde la reclamación efectuada en vía administrativa, todo ello derivado de la responsabilidad patrimonial administrativa declarada por anulación de licencia de obra.*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

SEGUNDO: *Contra la anterior Sentencia el Ayuntamiento de Lobios interpuso recurso de apelación, dictándose Sentencia por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia de fecha 18 de noviembre de 2009 por la que se desestimaba la misma y se confirmaba la dictada por el Juzgado C-Advo de Ourense, y se condenaba en costas del citado recurso al Ayuntamiento de Lobios.*

TERCERO: *Con fecha 11 de junio de 2010, dado que el Ayuntamiento de Lobios no había procedido al pago de las cuantías adeudadas, por D. Celso Almeida Vázquez a través de su representación procesal, se instó la Ejecución de la Sentencia dictada en su día, habiéndose resuelto a medio de Decreto de fecha 20 de Septiembre de 2010, requerir de pago a la administración demandada por los importes adeudados, generándose la Ejecución de Títulos Judiciales nº 6/2010 del Juzgado C-Advo nº 2 de OURENSE, actualmente en trámite.*

CUARTO: *A fecha de hoy, es voluntad del Ayuntamiento de Lobios proceder a la liquidación de la deuda existente, mediante un sistema de pagos que se especificará para solventar definitivamente la cuestión, accediendo a ello D. Celso Almeida, y formalizándose el presente documento con las siguientes:*

ESTIPULACIONES

-I-

Por parte del Ayuntamiento de Lobios, en este acto representado por su Alcalde y asistido por su Letrado Sr. Del Río Balado, en este acto se reconoce adeudar a D. Celso Almeida Vázquez, los siguientes importes derivados de los procedimientos indicados en los ANTECEDENTES del presente documento:

1º.- SETENTA MIL QUINIENTOS VEINTIDOS EUROS CON OCHENTA CENTIMOS DE EURO (70.522,80 €) en concepto de principal.

2º.- DECISEIS MIL DOSCIENTOS NOVENTA Y NUEVE EUROS CON OCHENTA Y SIETE CENTIMOS DE EURO (16.299,87 €) en concepto de intereses legales, conforme a la siguiente liquidación desde la fecha de reclamación administrativa (1 de septiembre de 2005 y hasta la fecha de petición de ejecución, 11 de junio de 2010):

A) De 1-IX-2005 a 31-XII-2005: Interés legal 2005 4%	943,06 €
B) De 1-I-2006 a 31-XII-2006: Interés legal 2006 4%	2.820,91 €
C) De 1-I-2007 a 31-XII-2007: Interés legal 2007 5%	3.526,14 €
D) De 1-I-2008 a 31-XII-2008: Interés legal 2008 5,50%	3.878,75 €
E) De 1-I-2009 a 31-XII-2009: Interés legal 2009 5,50%	3.878,75 €
F) De 1-I-2010 a 11-VI-2010: Interés legal 2010 4%	+ 1.252,26 €
<u>Total resultante (s.e.u.o) 16.299,87 €</u>	

3º.- DOS MIL TRESCIENTOS NOVENTA Y NUEVE EUROS CON DOCE CENTIMOS DE EURO (2.399,12 €) más **CUATROCIENTOS TREINTA Y UN EUROS CON OCHENTA Y CUATRO CENTIMOS DE EURO (431,84 €)** de IVA (18%); en concepto de costas de Letrado por el recurso ante el TSJ de Galicia.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

4º.- **CIENTO CUARENTA Y CINCO EUROS CON SESENTA Y CINCO CENTIMOS DE EURO (145,65 €)** en concepto de costas de Procurador en el recurso ante el TSJ de Galicia, IVA incluido.

5º.- **MIL CIENTO VEINTISEIS EUROS CON DOS CENTIMOS DE EURO (1.126,02 €)** más **DOSCIENTOS DOS EUROS CON SESENTA Y OCHO CENTIMOS DE EURO (202,68 €)** de IVA (18%); en concepto de costas de la ejecución iniciada.

En consecuencia el total de lo adeudado por el CONCELLO DE LOBIOS al Sr. Almeida Vázquez asciende al importe de (s.e.u.o) de **NOVENTAY UN MIL CIENTO VEINTISIETE EUROS CON NOVENTA Y OCHO CENTIMOS DE EURO (91.127,98 €)**.

- III -

La liquidación de la cantidad anterior (91.127,98 €) se efectuará conforme al siguiente plan de pagos:

1º.- **VEINTICINCO MIL EUROS (25.000 €)** antes del 31 de diciembre de 2010, habiéndose efectuado ya a la firma del presente documento la transferencia a cuenta de D. Celso Almeida, quien otorga la más eficaz carta de pago al respecto sobre tal importe.

2º.- **VEINTICINCO MIL EUROS (25.000 €)** antes del 31 de Enero de 2011.

3º.- **QUINCE MIL QUINIENTOS ONCE EUROS CON CUARENTA CENTIMOS DE EURO (15.511,40 €)** antes del 31 de Enero de 2012.

4º.- **QUINCE MIL QUINIENTOS ONCE EUROS CON CUARENTA CENTIMOS DE EURO (15.511,40 €)** antes del 31 de Enero de 2013.

5º.- **El resto, DIEZ MIL CIENTO CINCO EUROS CON DIECIOCHO CENTIMOS DE EURO (10.105,18 €)**, como liquidación final del importe total adeudado previa liquidación de los intereses totales conforme a lo calculado en la ESTIPULACION anterior, antes del 31 de marzo de 2013.

En cualquier momento antes de los plazos establecidos en los apartados 3º, 4º y 5º de la presente ESTIPULACION por el CONCELLO DE LOBIOS se podrá liquidar la totalidad de la deuda pendiente.

Los pagos se efectuarán en la C/C a nombre de D. Celso Almeida que éste designe al efecto.

- IV -

Ambas partes, aquí intervinientes, acuerdan que el incumplimiento de cualquiera de los plazos establecidos, permitirá la reclamación de la totalidad de lo pendiente adeudado de conformidad con lo que establezca la ley.

En consecuencia, de producirse tal incumplimiento de alguno de los plazos establecidos, por D. Celso Almeida, que en este acto actúa representado a través de su Letrado Sr. Mosquera, procederá a continuar la ejecución iniciada en el Juzgado C-Advo nº 2 de OURENSE conforme a los trámites que procedan, y sin perjuicio de ejercitar las demás acciones a que tal incumplimiento diere lugar para la mejor satisfacción de sus intereses.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Igualmente, de producirse tal incumplimiento, se liquidarían los intereses sobre la cantidad pendiente en ese momento, que se considerará principal a todos los efectos.

La citada liquidación se realizará conforme a la normativa legal de aplicación, y sobre todos los intereses debidos respecto de tal cantidad, hayan sido o no computados en el presente documento.

- V -

Por parte de los Letrados intervinientes, en las representaciones de sus respectivos clientes, se comprometen a presentar el presente acuerdo en el procedimiento de Ejecución de Títulos Judiciales para su unión al mismo y constancia.

Leídas y conformes las partes con los ANTECEDENTES y ESTIPULACIONES pactadas, firmante el presente acuerdo en el margen de las páginas 1, 2 y 3 y al final del mismo, en representación de sus respectivos clientes los cuales se prestan su conformidad a través de ellos, y se comprometen a su cumplimiento en los términos expuestos, todo ello por duplicado en el lugar y fecha indicados.

*Excmo Sr. Alcalde del CONCELLO DE LOBIOS
D. JOSE LAMELA BAUTISTA*

*Letr: David del Río Balado
Diéguez'*

*En Lobios, a 14 de xaneiro de 2011.
O ALCALDE- PRESIDENTE"*

Letr: Arturo-J. Mosquera

Toma a palabra o Sr Alcalde Presidente e indica que no Pleno anterior xa se acordaron os acordos economicos e agora se trae o convenio cos axustes dos intereses que era un concepto pendente de correxir, cumprindose asi coa Sentencia xudicial.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que primeiro quere disculpar ao Concelleiro Vázquez Vázquez xa que po motivos de saude, non pode asistir, e que tamen quere amosar as condolencias a Concelleira Nora González, polo falecemento da sua irmá, continua decindo que respecto ao asunto que se trata, cando se otorgou a licencia dende o Concello se contaba cun informe favorable do arquitecto, cun informe favorable de Patrimonio e que o asunto se someteu ao Consello Consultivo de Galicia que tampouco viu ningunha anomalia no outorgamento da licencia, en segundo lugar di que coma se achaca que hai unha "man negra", quere deixar constancia que a sentencia firme é de decembro de 2009, e se recibe no Concello en xaneiro de 2010, e que non se pode intervir nas actuacións do Tribunal xa que é un organo independente.

Toma a palabra o Sr Alcalde e responde que sobre a licencia é certo o que se di xa que a mesma se deu con informe favorable de patrimonio e incluso na sentencia se pode ver que se deriva a nulidade polos importes das obras mais que por asuntos legais, o que sorprende é que non se emprazara a mapfre, continua decindo que de todas formas a expresion " Man negra"non é unha expresion que el utilizou nin a utilizaria, xa que el nunca pronunciou a



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

expresion “man negra”, de todas formas entende que ese asunto non lle corresponde a este pleno xa que o asunto que se esta a tratar é o convenio con D. Celso Almeida Vazquez.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que quere aclarar que a sentenza é de decembro de 2009 e se coñeceu polo Concello en xaneiro de 2010 e que se debe cumprir coa mesma.

Toma a palabra o Sr Alcalde e responde que cando se coñeceu a sentenza se intentou que Mapfre pagase e se lle solicitou ao Xulgado que o pago o fixera Mapfre, pero isto non se aceptou nin por Mapfre nin polo Xulgado, e isto se comunicou ao Concello en novembro.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, pregunta se tras a Sentencia de 22 de abril de 2008, no recurso de apelacion, se intentou chamar a Mapfre coma parte do proceso.

Toma a palabra o Sr Alcalde e responde que nese momento habia un abogado que seria o que poderia infomar deste asunto.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que este asunto do convenio roza a responsabilidade penal por parte do pleito no seu orixe e se debería instruir execucions penais e paralizar os pagos e exercer dilixencia penal contra o abogado polo que entende que sen perxuízo de axudar a D. Celso Almeida, e vendo que hai mais asuntos semellantes debe frearse o procedemento pola via penal e que sexa o proximo Alcalde o que pague, continua decindo que o problema é que aos abogados famosos non lles interesa frear isto e iso non se debe permitir porque seria penoso, e a ignorancia da lei non exime do seu cumprimento e pon de exemplo un accidente de coche onde non se pon a compañía de seguros e despois se pretende que pague o seguro, e iso non pode ser xa que é o avogado o que debe incluír ao seguro e por iso no caso do Concello, o avogado ten unha responsabilidade penal o civil e se debe instruir unha dilixencia penal e se gaña tempo para non pagar, polo que se debe votar en contra este convenio e iniciar a dilixencia penal xa que despois viran outras execucions coma en Riocaldo e outros problemas e él coma avogado que é se se cala, se lle poden pedir responsabilidades por isto, xa que houbo unha presunta negligencia polo letrado e o exemplo é o accidente de trafico, indica que cousa distinta seria que o Concello non tivera seguro e nese caso habera que pedir responsabilidades contra o representante do Concello xa que axudar a un veciño lle parece ben pero non se pode axudar a conta do pobo, polo que o Pleno debe acordar instruir dilixencias penais e paralizar o pago e se se arquiva en via penal que sexa o proximo Alcalde o que pague e que busque solucións, remata a súa intervencion decindo que se debe aplicar a lei e a coherencia.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que esta de acordo co exposto xa que ao pouco de chegar se encontrou con este asunto e cunha imposición de multas de 1000 € ao mes ata que se procedise a demolición e se buscaron as vías para solucionar o problema e se cambiou de avogado para buscar outras vías e a asesoría destes avogados novos levou a unha solución viable que foi un acordo que se adoptou no último Pleno e se aprobou fixar o pago que é o que se trae ao Pleno.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que este asunto é unha execucion de sentenza e se pode frear cunha dilixencia penal contra o avogado que levou o asunto, outra cousa é que non houbese seguro.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que si que hai un seguro e de feito o punto segundo deste Pleno é emprender accions xudiciais contra Mapfre.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que se debe coller o procedemento e instruir dilixencias penais e paralizar o procedemento xa que nun accidente de trafico o avogado debe actuar contra a compañía de seguros e non contra o particular e se omite isto se esta ante unha falta de actuacion pasiva e unha negligencia persoal e a condena non é contra a compañía xa que ela non foi chamada ao xuízo, continua decindo que os demais votaran o que queiran pero que el non quere problemas xa que esto sona a negocio.

Concedida a palabra a concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr. Rodríguez Broullón, indica que este acordo xa foi aprobado nun Pleno.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que o procedemento que se debe seguir é o que el indica xa que no seu momento non se lle comunicou ao seguro, polo que se debe paralizar o procedemento e negociar coa compañía do avogado por presunta negligencia do letrado.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que o problema é que Mapfre considera que non esta incluído no seguro esta cobertura.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que a via penal é preferente a calqueira outra e o Concello non debe pagar e o que debe pagar é o seguro do letrado.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que este plantexamento non o coñecía xa que os avogados deron outra solucion, continua decindo que ademais xa se aprobou nun Pleno o pago das cuantias e xa se produxo o primeiro pago e en xaneiro se pagaria o segundo pago que implicaría un pago do 60 % da sentenza.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que ela entende que sería posible que se aprobase este convenio e que despois se iniciasen as accions contra a compañía coma se recolle no punto segundo da orde do día e que tamen se poderian iniciar accions contra o letrado, e pregunta se esto podería facerse.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que hai que ter cuidado coa prescripcion e a legalidade e despois de escoitar que non se avisou ao seguro entende que o letrado ten unha responsabilidade clara en via civil que non paralizaría ao procedemento e que tamen tería unha negligencia por intereses por via penal.

Concedida a palabra a concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr. Rodríguez Broullón, pregunta se habería posibilidades de que se tramitase na via penal.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que el entende que se admitiria.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que o emprender accions contra o letrado non contradice os dous puntos que son asunto de pleno, xa que se esta dando cumprimento a unha sentencia e despois se poderia iniciar un procedemento contra a compañía e outro contra o letrado.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que el vai votar en contra pero que lle parece ben o que voten xa que se esta falando de responsabilidade penal.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que hai que saber que tamen se demoleu outra vivenda.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que esta a punto de levantarse e irse xa que o que se debería facer é suspender o convenio e iniciar xa accions penais contra o letrado, xa que é a maneira de parar isto e a maiores os veciños de Lobios non estan de acordo con isto e isto vai ser un precedente, e ademais non é legal.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que ela entende que cumprir cunha sentencia do TSJ non pode ser ilegal.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que de non cumprirse viran exhortos contra o Alcalde para que se proceda ao cumprimento dunha sentencia.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que neste momento do debate e coa informacion que lle chega neste momento existen indicios dunha presunta negligencia profesional ao non interpor o pleito orixinario contra a compañía de seguros, este suposto se recolle no Codigo Penal actual e a via penal é preferente e paraliza calquer procedemento incluso calqueira multa uo sancion, e ao seu xuízo e a fin de evitar a súa responsabilidade o que debe facer o Concello é de inmediato por todos os antecedentes e o auto integro ante o Xulgado de instrucción de Bande e do Ministerio Fiscal a fin de que se pronuncie sobre a posible existencia de responsabilidade penal, reitera que esto paraliza calqueira procedemento.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que ela ve un problema xa que xa se fixo un pago de 25.000 € en base ao acordo adoptado no Pleno anterior.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que coma xa manifestou anteriormente o Concello debería de paralizar o pago e iniciar un procedemento penal que paraliza calqueira indemnizacion e multa.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que xa se sabia que non se habia emprazado a Mapfre.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que houbo negligencia e que os feitos os madurou agora en relacion co que se verteu no acto.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que o do que non se emprazou ao seguro xa se sabia no Pleno anterior a este.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que o asunto do seguro xa se puxo de manifesto no Pleno anterior e por iso se levou ao avogado para estudar a posibilidade de emprender accions contra el.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que a maiores se ten coñecemento da demolicion doutras vivendas no Concello en situacion similar e este acordo sera un precedente e para evitar a súa responsabilidade emite o seu voto en contra, continua decindo que se debia coller un avogado imparcial e buscar unha via sen perxudicar ao veciño de non pagar e a maiores se debe comentar co avogado se acudindo a via penal se pode suspender isto e evitar o pago.

Sendo as 17:00 horas abandona o Pleno a Sra González González.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que se van a votar os puntos e no Pleno do dia 29 en funcion da asesoria xuridica se pedira que confirmen estes asuntos e se incluirea no orde do dia.

Concedida a palabra a concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr. Paz Leon, indica que se leva xa unha hora falando e nadie falou da responsabilidade do arquitecto e do Alcalde anterior.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que agradece o que di pero debe verse quen ten a responsabilidade.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que se debe aprobar este punto e sacar adiante novas accions, polo que se deben votar estes dous asuntos do Pleno porque senon se vai complicar a situacion do Alcalde e do Concello e despois se poden estudar as demais accions, continua decindo que no proximo Pleno habera un punto relativo a posibilidade de emprender accions contra o avogado e demais tecnicos que informaron favorablemente.

Sometida a votación a proposta de alcaldia, resultou aprobada por maioría dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, (tres votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Dna. Rosa Nora González, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (cinco por inasistencia),e Dna. María del Carmen Yáñez Salgado e D. Antonio Estévez González (sete abstencións)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS EN CONTRA: Sres./as D. Francisco Veloso González (un voto en contra).

PUNTO SEGUNDO: ACCION XUDICIAL CONTRA A COMPAÑÍA ASEGURADORA MAPFRE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS:

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, da conta da proposta de Alcaldía, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe:

“PROPUESTA DE ALCALDIA:

VISTO que este CONCELLO ha sido condenado a indemnizar a D. Celso Almeida Vázquez con la cantidad de 70.522,80€, más los intereses legales correspondientes en virtud de Sentencia dictada el 21 de abril de 2008 por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo número 2 de Ourense en el procedimiento ordinario nº 340/2006, resolución que fue confirmada por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia mediante sentencia de 18 de noviembre de 2009.

CONTANDO el Concello con seguro de responsabilidad concertado con la Compañía aseguradora MAPFRE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, a la que venía satisfaciendo regularmente su prima, póliza nº 0960180217508, por ello el pago de dicha indemnización tendría que ser asumido por la compañía aseguradora, para lo cual se le cursó la pertinente reclamación con fecha de 18 de enero de 2010, siendo rehusado el siniestro mediante escrito de la aseguradora de 4 de febrero de 2010.

RESULTANDO necesario cumplir con la obligación de defender los derechos económicos e intereses del ayuntamiento mediante el ejercicio de las acciones judiciales en defensa de sus derechos conforme con el artículo 69 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el artículo 165.a) del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales

PROPONGO AL PLENO DEL CONCELLO LA ADOPCION DEL SIGUIENTE ACUERDO:

Primero.- Ejercitar la correspondiente acción judicial contra la Compañía aseguradora MAPFRE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, tendente a reintegro de la indemnización e intereses que esta corporación viene obligada a satisfacer a D. Celso Almeida Vázquez como consecuencia de la reclamación anteriormente referida.

Segundo.- Designar abogado para la interposición de la correspondiente acción judicial a D. David del Río Balado, colegido nº 556.

Tercero.- Designar procuradores para la representación de esta corporación ante los Tribunales a D. Ricardo Rómulo González Tejada y D^a. Sonia Ogando Vázquez.

En Lobios, a 14 de enero de 2011.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que hai que analizar se a poliza cubre ou non o asunto en cuestion xa que se non isto é fume.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra a Sra Secretaria- Interventora indica que no momento no que se coñece a Sentencia firme se lle trasladou á compañía de seguros a Sentencia, e esta, nun escrito de data 2 de febreiro de 2010 (RE nº 197 de 04/02/2010) indica que a poliza non cubre: “ Aquellas perdas económicas que no sean consecuencia de un daño corporal o material amparado por la poliza, así como las perdas económicas que sean consecuencia de un daño corporal o material no amparado por la poliza”, non obstante, consultado o asunto con varios avogados os mesmos entenden que dita poliza cubriría o suposto.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que antes de iniciarse esta acción que implica uns custos económicos ao Concello, debe solicitarse un informe do resultado do pleito pois é posible que a acción houbera prescrito ou caducado, xa que o orixe disto é unha presunta negligencia profesional, e que tamen debe saberse cal será a minuta do letrado.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que este asunto se trae asesorado polo avogado.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que pode haber caducado o asunto xa que este ven de moi atrás.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que se hai dúbidas se debe solicitar un informe sobre se a acción esta prescrita ou caducada.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que non se pode votar este asunto sen saber se prescribiu ou caducou, xa que se non isto so implica mais custos para o Concello, continua decindo que o que se debe facer é iniciar accións pola vía penal contra o letrado pedindo a súa responsabilidade.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que se retira do orde do día dito asunto ata que haxa un informe do letrado sobre a prescricion e caducidade, así coma da súa minuta.

PUNTO TERCEIRO: PRORROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS DITOS CONCELLOS, NO CONCELLO DE LOBIOS.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, da conta da proposta de Alcaldía, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe:

“PROPOSTA AO PLENO

Vista a cláusula décima do CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS DITOS CONCELLOS na que se establece que con data 31 de decembro de 2010 producirase o vencemento do convenio de cooperación suscrito por este concello e a Deputación Provincial para a prestación, en réxime delegado, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

A experiencia de xestión do modelo de cooperación intermunicipal encarnada no dito convenio pode considerarse, ó día da data, sumamente satisfactorio.

Tendo en conta a circunstancia de que no exercicio 2011 terán lugar eleccións municipais, considérase adecuado proceder, para o exercicio 2011, á prórroga do actual convenio de cooperación ata o 31 de decembro de 2011, dispoñendo así de tempo suficiente para que o novo goberno local resultante das urnas poida negociar coa Deputación un novo marco de colaboración para os exercicios 2012 e seguintes.

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido o día 21 de decembro de 2010.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Prorrogar, ata o 31 de decembro de 2011, o actual CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS DITOS CONCELLOS no Concello de Lobios.*

Segundo.- *Remitirlle este acordo á Deputación Provincial de Ourense para os efectos oportunos.*

Lobios, 29 de decembro de 2010”

Toma a palabra o Sr Alcalde- Presidente e indica que se trata de prorrogar o convenio asinado coa Deputacion para o servizo de R.S.U., sen perxuízo de que posteriormente se traia o novo convenio que sera seguramente de ambito provincial e no que se esta traballando.

Sometida a votación a proposta, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes,e maioría absoluta , co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado D. Antonio Estévez González e D. Francisco Veloso González (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Dna. Rosa Nora González, D. Benito Vázquez Vázquez , Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez (cinco abstencions por inasistencia)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as dezasete horas e cincuenta minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria Interventora

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy